



Aula Profesional Ecoade: Cursos e Talleres Comunicación oral

Dentro das actividades da Aula Profesional Ecoade, o 6 de marzo contamos coa presenza de Manuel Núñez Singala, director do servizo de normalización lingüística da Universidade de Santiago de Compostela impartindo un taller sobre comunicación oral.

A importancia dunha boa preparación, a utilización da linguaxe non verbal, e algunhas pautas para minimizar os medos a falar en público tratáronse no taller no que o estudiantado participou activamente preparando pequenos discursos.



Como estudar e organizarse

O 13 de marzo tivo lugar o taller *Como estudar e organizarse* impartido polo estudante de 4º de ADE, Javier Villar Magán, que contou coa atención do estudiantado dos primeiros cursos interesado en aprender como algunhas ferramentas informáticas poden axudar a adquirir coñecementos e superar as materias dos graos en ADE e Economía.



Supera un proceso de selección

O 17 de abril celebrouse o taller sobre procesos de selección de persoal impartido por Jorge Nunes Agostinho e Patricia Carballo García de Finsa. O estudiantado puido participar de forma práctica en simulacións de procesos de selección.





Aula Profesional Ecoade: Cursos e Talleres O contacto profesional coa empresa

O 24 de abril celebrouse o taller sobre o contacto profesional coas empresas/institucións na procura de prácticas ou traballo. Este taller foi impartido por Nuria Rey Quintás, Técnica de orientación laboral na Universidade de Santiago de Compostela.



ERP: Libra

O 11 de abril comezou o curso da Aula profesional ECOADE sobre o ERP LIBRA. EDISA colabora coa Facultade por terceiro ano consecutivo para achegar os aspectos básicos desta ferramenta de xestión empresarial ao noso alumnado.

Analítica de datos con R

Os días 23, 25 e 30 de abril celebrouse o curso *Analítica de datos con R*. Este curso desenvolveuse co obxectivo de que o estudiantado de grao complementase a formación nesta ferramenta que se utiliza na docencia de diferentes materias das nosas titulacións.

Yago Atrio Lema encargouse de impartir un ano máis esta formación.




ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Aula Profesional Ecoade Cineforum: Empresa, Economía e Sociedade

Durante os meses de marzo e abril proxectáronse tres películas do Ciclo de Cine da facultade. Así, o 5 de marzo o estudantado puido disfrutar da película *As Bestas* e da presenza do profesor Damian Copena para introducir o tema da mesma. O 9 de abril proxectouse *Matria* e no posterior debate afondouse sobre a cuestión das desigualdades de xénero no mercado laboral galego. Por último, o 23 de abril, a proxección de *Bread and Roses* pechou o Ciclo de Cine do curso 23/24.



Aula Profesional Ecoade Aprendendo das empresas e institucións

No marco do ciclo de conferencias *Aprendendo das empresas e Institucións* da Aula Profesional, o 20 de marzo tivemos na facultade a Eva Filgueiras López, exalumna que actualmente traballa en iProspect que nos fixo un estupendo e clarificador percorrido polo márketing dixital.





Aula Profesional Ecoade Aprendendo das empresas e institucións



O 3 de abril tivo lugar a charla de Anxo Calvo Silvosa sobre o control externo no sector público. Nela tratáronse entre outros aspectos, os principios básicos que se lle esixen ás administración públicas (economía, eficiencia e eficacia entre outros) e que deben de ser fiscalizados, tamén dos diferentes

tipos de auditoría: financeira, operativa ou de cumprimento que deben realizar os organismos fiscalizadores como o Consello de Contas de Galicia.

Plan de Acción Titorial

O 13 de marzo, desenvolveuse (dentro do Plan de Acción Titorial) a reunión informativa sobre prácticas deste cuadrimestre. O estudiantado puido resolver as dúbidas sobre a convocatoria para realizar as prácticas entre maio e setembro de 2024. Na sesión contamos coa estudante do grao en ADE, Julia Otero, que veu contar a súa experiencia de prácticas curriculares e extracurriculares ao estudiantado.



Ademáis, dentro do plan de acción titorial da facultade, o mesmo día 13 de maio, tivo lugar unha sesión de orientación enfocada á elaboración do acordo de estudos para a mobilidade.



Festividade da Facultade



O 10 de abril tiveron lugar os actos de celebración da festividade da Facultade. Como outros anos, aproveitamos a ocasión para entregar os premios académicos de grao, mestrado e doutoramento, así como outros premios convocados polo centro: Premio Create na universidade, Premio de Innovación Docente, Premio Fulget á Fisela como empresa galega do ano, Premios MariCarmen Guisán e María Xosé Rodríguez Galdo a TFG e TFM que introduzan a perspectiva de xénero.

Tamén houbo un recoñecemento ao labor social de Asotrame (Asociación Galega de Trasplantados de Médula Ósea).

Xuntanzas con delegados/as

O 24 de abril tivemos xuntanzas con estudantado delegado e subdelegado dos diferentes grupos e cursos do grao de Economía e de ADE onde falamos sobre a marcha do curso, en particular neste segundo cuadrimestre. Participou na reunión o profesorado coordinador de curso e do grao, así como membros do equipo decanal. A reunión foi distendida e achegouse información valiosa para mellorar o funcionamento dos graos.



ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Outros acontecementos: Economía Social

Dentro da V Semana Universitaria da Economía Social, promovida pola Red Enuies de CIRIEC-España, o 6 de marzo celebrouse na Facultade o acto central, onde a representante do Foroegal e presidente de AGACA, Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias, aproximou ao estudiantado o papel da economía social. Contamos coa presenza para a xornada da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, Elena Rivo López, o vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación, Gumersindo Feijoo, o decano da Facultade, Xoán Ramón Doldán García e a directora do Centro de Estudos Cooperativos de Galicia, Maite Cancelo Márquez. Trameve e a Asociación Primicias Raíña, EIL (Asociación Raíña Paraíso).



Outros acontecementos: 8 de marzo

Dentro dos actos de celebración do 8M Día Internacional das Mulleres, a Facultade acolleu tres exposicións neste ámbito: *Mulleres Economistas* (até o 15 de marzo), que neste ano destacou a Michèle Pujol, economista feminista franco-canadiana, que traballou nunha revisión do pensamento económico convencional e a forma en que se situou o papel das mulleres na economía, a mostra bibliográfica *Contruíndo xuntas a economía social: innovación feminina no cooperativismo* (até o 15 de marzo), co obxecto de visibilizar a presenza feminina neste eido a través das publicacións accesibles a través da Biblioteca Universitaria da USC, xunto outras fontes e recursos de información, e, por último, *Enredadas no Cambio* (até 11 de marzo) que reflicte o proxecto que leva a cabo a ONG Taller de Solidaridad axudando mulleres de Latinoamérica e de España a converterse en emprendedoras.



ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Outros acontecementos: Deloitte e PwC

O 10 de abril tivemos na Facultade unha interesante xornada de presentación de dúas das empresas de auditoría e consultoría máis importantes a nivel nacional e mundial e con sede tamén en Galicia. Por parte de Deloitte contamos con Beatriz Pérez-Colomer Cachafeiro e Daniel Santana Nogueira, exalumno do Centro e, por parte de PwC, Iago Alvarez Correa e Óscar López González. O estudantado tivo a oportunidade de coñecer o traballo que se desenvolve nestas empresas e preguntar todas as dúbidas sobre os procesos de incorporación ao finalizar os estudos de grao ou máster.



Outros acontecementos: Feira dos libros libres 2024

O 17 de abril abriuse a III Feira dos libros libres, organizada pola Facultade. Múltiples mesas con centos de exemplares diversos de libros e revistas, usados e seminovos. Todos están liberados e podes collerse de forma gratuíta. Todos os días e durante un mes renovarase a oferta con novos títulos.



Outros acontecementos: Revolución dos Cravos

O 25 de abril celebramos o aniversario da Revolución dos Cravos en Portugal, lembrando a súa ligazón coa Facultade. Un día que a xente viviu con ledicia e curiosidade e que tamén serviu para coñecer algo a nosa propia historia e sentirnos parte dunha comunidade que se vai renovando ano a ano a través das décadas.



ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Teses defendidas

Durante os meses de marzo e abril defendéronse as seguintes teses de doutoramento na nosa Facultade:

- A fuga de cerebros rexional: cuantificación e estudo das súas causas. Unha aplicación ó caso de Galicia no período 2000-2022. Autor: José Blanco Álvarez. Dirección: Manuel González López.
- Modelizando a toma de decisións dos turistas dende unha perspectiva transcultural. Autor: Yago Atrio Lema. Dirección: Isabel Neira Gómez, Eduardo Manuel Sánchez Vila.
- Antecedentes, moderadores e consecuencias da co-creación: Unha investigación no campo do desenvolvemento de software de código aberto. Autor: Antonio Manuel Leite Rebelo. Dirección: Emilio Ruzo Sanmartín, María de la Concepción Varela Neira.
- Liderado na era dixital: unha revisión ética das teorías do liderado organizacional. Autor: Miguel Carbonell Valin, Dirección: Gloria Carballero Fernández, Agustín Domingo Moratalla. Titorización: María Luz Loureiro Gacía.
- Crecemento económico, emprego informal e brechas de xénero en Colombia: unha análise multisectorial. Autora: Angélica María Amaya Centeno. Dirección: Eva María Aguayo Lorenzo, Yolanda Pena Boquete.

Acordos relevantes das Comisións da Facultade

Comisión Redactora do Plan de Estudos do Grao en Economía:

- 6 de marzo: Ante á imposibilidade de que o departamento de Dereito Público e Especial da Empresa imparta a segunda materia obrigatoria, acórdase trasladar á Xunta de Facultade dúas propostas para cubrir os créditos pendentes. Acordo sobre a programación das horas de titorización en grupo reducido e sobre as materias de formación básica.
- 20 de marzo: Ante o acordo da Xunta de Facultade en relación coa creación dunha nova materia de 6 créditos sobre contabilidade nacional, balanza de pagamentos e marco input-output e a conversión da materia optativa de Finanzas en obrigatoria, acórdase unha modificación nos resultados de aprendizaxe e unha reordenación nas materias. Realízase unha revisión das fichas das materias e da táboa de validacións.
- 8 de abril: Acordo sobre a memoria de modificación do Grao en Economía.



Acordos relevantes das Comisións da Facultade

Comisión de modificación do Plan de Estudos do Grao en ADE:

- 1 de marzo: Acordo sobre a estrutura definitiva do plan de estudos de ADE. Preséntanse os resultados de aprendizaxe da titulación e acórdase solicitar aos departamentos unha reflexión sobre os mesmos así como sobre o límite de prazas, o calendario de implantación e sobre a posibilidade de esixir un peso mínimo da avaliación continua.
- 8 de marzo: Acordo sobre a inclusión dunha recomendación sobre o peso mínimo da avaliación continua dun 20%. Acordo sobre o límite de prazas en 200 para Santiago e 70 para Lugo. Acórdase a implantación secuencial. Acórdanse modificacións nos resultados de aprendizaxe.
- 22 de marzo: Realízase unha revisión das fichas das materias e da táboa de validacións.
- 9 de abril: Acordo sobre a memoria de modificación do Grao en ADE.

Comisión de Actividades Complementarias á Docencia:


- 21 de marzo: Apróbase á concesión do premio Fulget 2023 á empresa FISELA, S. L.

Xunta de Facultade:

- 13 de marzo: Debátese sobre o Grao en Economía e acórdase a creación dunha materia de 6 créditos sobre contabilidade nacional, balanza de pagamentos, marco input-output e a conversión da materia optativa Finanzas de 4.5 créditos en obrigatoria.
- 2 de abril: Aprobación dos horarios para o curso 24-25. Ratificación do premio Fulget 2023 á empresa FISELA, S.L. Aprobación de 150 como límite de prazas para o grao en Economía.
- 12 de abril: Aprobación das propostas de memorias de modificación dos plans de estudos en ADE e Economía.

Comisión Intercentros do Grao en ADE:

- 29 de abril: Aprobación do informe de resultados do grao en ADE do curso 22-23 e valoración sobre o desenvolvemento do curso nos dous centros.



Séguenos nas nosas redes sociais

